



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Proxecto Interdisciplinar II		Código	730G04079
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán/Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información/Enxeñaría Naval e Industrial			
Coordinación	Becerra Permuy, Jose Antonio	Correo electrónico	jose.antonio.becerra.permuy@udc.es	
Profesorado	Becerra Permuy, Jose Antonio González Castro, Manuel Jesús López López, Manuel Luaces Fernández, Alberto Lugris Armesto, Urbano Sanjurjo Maroño, Emilio	Correo electrónico	jose.antonio.becerra.permuy@udc.es manuel.gonzalez@udc.es manuel.lopez.lopez@udc.es alberto.luaces@udc.es urbano.lugris@udc.es emilio.sanjurjo@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descripción xeral	O obxectivo desta materia é que os alumnos poidan elaborar un proxecto de enxeñería de forma íntegra nun tema de interese para unha empresa concreta, poñendo en práctica os coñecementos adquiridos nas materias cursadas ata este momento, e como elemento que facilite a posterior integración no mundo laboral, actuando como ponte entre a súa formación no rol de alumnos e o que desempeñarán como enxeñeiros na súa futura actividade profesional. Para iso, impartiranse seminarios sobre aspectos concretos que poidan quedar fóra das materias xa cursadas e realizarase un seguimento minucioso do proxecto que deberán de realizar. O traballo aquí realizado será susceptible de ser continuado en traballos fin de grao.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Mantéñense todas as metodoloxías.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican A sesión maxistral realizarase mediante Teams. A presentación do traballo tutelado realizarase tamén mediante Teams. A construcción física do prototipo para realizar no devandito traballo tutelado eliminarase e, a cambio, pedirase un detalle maior no deseño e na documentación para entregar.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Fóra das tutorías en despacho, mantéñense os mesmos mecanismos de atención personalizada, a saber: videoconferencia e mensaxería por Teams, Moodle e correo electrónico, por esta orde de preferencia. Adicionalmente, se o profesorado observa que hai dúbidas comúns a un grupo de alumnos, poderanse programar tutorías de grupo reducido mediante videoconferencia por Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non hai cambios na avaliación, máis aló de que será realizada telemáticamente mediante Teams.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p>			



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
Desenvolvemento de capacidades técnicas e de deseño.	B5 B9
Desenvolvemento de "soft skills": traballo en grupo, comunicación.	B5 B9
Preparación para o desenvolvemento profesional no ámbito da enxeñería.	B7
Experiencia coa resolución de problemas profesionais reais.	B7 B9
Desenvolvemento da compresión da perspectiva industrial, incluíndo aspectos de regulamentos, legais e económicos.	B7
Coñecemento das tecnoloxías industriais.	B7
Someterse a avaliaciós sobre os resultados dos seus proxectos.	B5 B7 B9

Contidos	
Temas	Subtemas
Conceptos de deseño e cálculo en proxectos II.	Conceptos de deseño e cálculo en proxectos II.
Conceptos de xestión de proxectos.	Conceptos de xestión de proxectos.
Coñecementos do proceso de desenvolvemento de produtos.	Coñecementos do proceso de desenvolvemento de produtos.
Capacidade de traballo en equipo.	Capacidade de traballo en equipo.
Comunicación gráfica, oral e escrita.	Comunicación gráfica, oral e escrita.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	B7 B9	42	42	84
Traballos tutelados	B5 B7	0	61	61
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	As sesións maxistrais consistirán en seminarios especializados que teñan un interese significativo para a realización do proxecto para desenvolver polos alumnos. Estes seminarios impartiranse por profesores expertos nas súas respectivas areas de coñecemento e a asistencia será obligatoria.
Traballos tutelados	O traballo tutelado consistirá na realización en grupo do proxecto asignado aos alumnos, en concerto coas empresas colaboradoras. O obxectivo do proxecto será o desenvolvemento práctico e posible implementación, total ou parcial, dun prototipo dunha solución conceptual extraída da materia Proxecto Interdisciplinar I. Este desenvolvemento farase en varias fases. Ao final de cada unha o profesorado e os representantes das empresas proporcionarán o seu feedback e irán avaliando as propostas iniciais e guiando o desenvolvemento do proxecto.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción



Traballos tutelados	Será necesario mostrar os avances que se vaian realizando para ofrecer a orientación adecuada, resolver dúbidas e asegurar a calidad do traballo. Estas titorías realizaranse en grupo e de forma presencial.
---------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Traballos tutelados	B5 B7	<p>Traballo autónomo en grupos reducidos. Será necesario entregar os materiais (documento e presentación) en tempo e forma. Ademais, requirirá a exposición oral pública por parte de todos os integrantes do grupo de traballo, empregando para iso a presentación entregada. Terase en conta para a avaliação desta actividade a memoria e a presentación entregada así como as contestacións ás preguntas do profesor durante a presentación obligatoria. A non realización da presentación supoñerá unha nota de cero.</p> <p>Criterios xerais de avaliação:</p> <ul style="list-style-type: none">* Claridade, extensión e calidade da memoria do traballo.* Claridade e calidade da exposición oral do traballo.* Dominio do tema e adecuación das contestacións do alumno ás preguntas do profesor na sesión de exposición.	100

Observacións avaliación
Se un alumno non supera a materia na primeira oportunidade, na segunda oportunidade únicamente poderá entregar a revisión e mellora daqueles traballos entregados e cualificados como non aptos previamente. A asistencia e participación aos seminarios e actividades de seguimento é obligatoria para poder ser avaliado, non habendo métodos alternativos de avaliação para os alumnos matriculados a tempo parcial / con dispensa académica. De acordo ao artigo 14, apartado 4 da normativa de avaliação, revisión e reclamación dos estudios de grao e máster universitario, cuxa última versión é do 29 de xuño de 2017, o plaxio de calquera traballo implicará a cualificación de suspenso cun 0 no devandito traballo.

Fontes de información
Bibliografía básica
Bibliografía complementaria

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Proxecto Interdisciplinar I /730G04078
Materias que se recomienda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
Para axudar a conseguir unha contorna sustentable e cumplir co obxectivo da acción número 5 ("Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social") do "Plan de Acción Green Campus Ferrol" a entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: 1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático. 2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos. 3. De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

